

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

653 *Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas.*

Un dos obxectivos fundamentais da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, en diante Lei da carreira militar, é asegurar a calidade do persoal nunhas Forzas Armadas modernas e altamente tecnificadas onde os recursos humanos constitúen un factor esencial e determinante. A política de persoal non soamente debe incidir no aspecto cuantitativo senón tamén no cualitativo e debe estar orientada á busca da excelencia.

Este real decreto, seguindo os preceptos recollidos na citada lei, crea o marco normativo que garante a selección sobre a base dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como dos demais principios reitores para o acceso ao emprego público, recollendo as singularidades da propia profesión militar e configurando unha norma que responda adecuadamente ás exixencias das Forzas Armadas.

En relación coa igualdade efectiva de mulleres e homes desenvólvese, no que ao acceso se refire, o artigo 6.1 da Lei da carreira militar e complétase o disposto no Real decreto 293/2009, do 6 de marzo, polo que se aproban as medidas de protección da maternidade no ámbito do ensino nas Forzas Armadas, incorporando accións encamiñadas a impedir que a aspirante experimente calquera situación de desvantaxe orixinada por efectos derivados da súa situación de embarazo, parto ou posparto.

No capítulo I recóllese o obxecto da disposición e establécese o ámbito de aplicación e no capítulo II aséntanse os procedementos de ingreso nos centros docentes militares de formación e defínense as titulacións e límites de idade, aspectos estes que os artigos 56 ao 61 da Lei da carreira militar encomendan á potestade regulamentaria.

Así mesmo, conforme o establecido no artigo 3.1.a) da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría, e na disposición adicional sexta da Lei da carreira militar, especifícanse os países de entre aqueles que manteñen con España vínculos históricos, culturais e lingüísticos, para lles posibilitar aos seus nacionais o acceso, en determinadas condicións, ás escalas de tropa ou de mariñeiría, e como militar de complemento do corpo militar de sanidade na especialidade fundamental de medicina.

De acordo co regulado no artigo 62 da Lei da carreira militar, facilítanse os procesos de promoción dos militares profesionais que reúnan os requisitos xerais e específicos que se establecen no regulamento. Polo que respecta aos suboficiais, favorécese a promoción mediante a reserva específica de prazas no modelo xeral e fixando procesos de formación máis breves, dentro do acceso con titulación, para aqueles que a obtivesen previamente. Faise tamén máis permeable a promoción para a tropa e mariñeiría, posibilitándolles o ingreso nas ensinanzas de formación de oficiais sen teren que efectuar un tránsito previo polas escalas de suboficiais.

As modificacións no ámbito do ensino previstas na Lei da carreira militar son de tan amplo calado que non soamente afectan as condicións de ingreso, senón que fan necesario establecer unha ordenación de todo o ensino de formación nas Forzas Armadas, que se recolle no capítulo III, facilitándose, desta maneira, unha visión de conxunto en beneficio dos futuros aspirantes á carreira militar.

Incídese con maior detalle naquelas ensinanzas que integran dous plans de estudos: o de formación militar xeral, específica e de especialidade fundamental, e o correspondente a titulacións do sistema educativo xeral. Trátase así de favorecer unha correcta interpretación de todo o proceso formativo e de obter unha visión homoxénea desta dualidade de plans de estudos, determinando o número máximo de créditos e a súa duración e distribuindo a carga de traballo que debe afrontar o alumno.

Ordénanse igualmente as ensinanzas que comprenden un único plan de estudos, é dicir, as que posibilitan o acceso aos corpos de intendencia e enxeñeiros do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, aos corpos comúns das Forzas Armadas, a militar de tropa e mariñeiría, así como a militar de complemento.

Finalmente, para completar o desenvolvemento regulamentario da Lei da carreira militar no que ao ensino de formación concirne, dentro do capítulo III dáse cumprimento ao preceptuado no artigo 70.2, establecéndose o sistema para integrar nunha única clasificación final os que de diversas procedencias se incorporen ou adscriban a unha escala no primeiro emprego.

Neste real decreto tamén se lle dá cumprimento ao previsto no artigo 50.1 da Lei da carreira militar, no sentido de que o Goberno determine os centros docentes militares de formación de oficiais, en que se encadrarán os alumnos aos cales se lles impartirán as ensinanzas de formación militar para se incorporaren ás diferentes escalas de oficiais, e desde os cales se xestionará o seu réxime de vida.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa, coa aprobación previa da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de xaneiro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas.*

Apróbase o Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, cuxo texto se insire a seguir.

Disposición adicional primeira. *Centros docentes militares de formación de oficiais.*

1. Os centros docentes militares de formación do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire en que se cursan as ensinanzas de formación para incorporarse ás escalas de oficiais son os que a continuación se relacionan:

- a) Exército de Terra: Academia Xeral Militar.
- b) Armada: Escola Naval Militar.
- c) Exército do Aire: Academia Xeral do Aire.

2. A formación militar xeral e específica para incorporarse á escala de oficiais do corpo xeral do Exército de Terra completárase nos seguintes centros docentes militares de formación:

- a) Academia de Infantaría.
- b) Academia de Cabalaría.
- c) Academia de Artillaría.
- d) Academia de Enxeñeiros.

3. No Exército do Aire, a formación específica de voo completárase nalgunha das seguintes unidades que, para estes efectos, terán tamén a consideración de centros docentes militares de formación:

- a) Ala 23.
- b) Grupo de escolas de Matacán.
- c) Ala 78.

4. Cando, conforme o que determina o número 1 do artigo 41 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, se establezan as especialidades fundamentais, poderase completar a formación militar xeral e específica para incorporarse ás escalas de oficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña noutros centros que determine o ministro de Defensa.

5. A formación técnica para incorporarse ás diferentes escalas de oficiais dos corpos de enxeñeiros do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, así como a formación

militar xeral e específica que complete a recibida no centro correspondente dos indicados no número 1, impartiranse nos centros que se indican a continuación, que deberán coordinar as súas actuacións no ámbito do ensino e da investigación:

- a) Exército de Terra: Escola Superior Politécnica do Exército de Terra.
- b) Armada: Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Armas Navais.
- c) Exército do Aire: Escola de Técnicas Aeronáuticas.

6. A formación técnica para incorporarse ás diferentes escalas de oficiais dos corpos comúns das Forzas Armadas, así como a formación militar xeral e específica que complete a que se reciba nas tres academias mencionadas no número 1, impartiranse nas seguintes escolas:

- a) Escola Militar de Estudos Xurídicos.
- b) Escola Militar de intervención.
- c) Escola Militar de Sanidade.
- d) Escola de Músicas Militares.

A Subsecretaría de Defensa adoptará as medidas necesarias para coordinar as actuacións nas escolas mencionadas.

Disposición adicional segunda. *Apoio á promoción profesional.*

O Ministerio de Defensa promoverá a colaboración con universidades e centros educativos que proporcionen titulacións do sistema educativo xeral, en especial con aquelas universidades a que están adscritos os centros universitarios da defensa e coa Universidade Nacional de Educación a Distancia, para facilitar cursar as ensinanzas que permitan aos alumnos de plans de estudos superados conforme disposicións anteriores e aos militares profesionais a obtención das titulacións requiridas en cada escala, así como as exixidas para ingresar por promoción.

Disposición adicional terceira. *Garda Civil.*

A Garda Civil rexerese pola súa normativa específica e, para o ingreso directo no ensino de formación para incorporarse á escala superior de oficiais, polo establecido no Real decreto 1959/2009, do 18 de decembro, polo que se crea o Centro Universitario da Garda Civil.

Disposición transitoria primeira. *Alumnos con plans de estudos anteriores.*

1. Aos alumnos dos centros docentes militares de formación que o 1 de xaneiro de 2010 estivesen cursando os seus estudos conforme normativas anteriores, seranlles de aplicación as disposicións reguladoras polas cales iniciasen os seus estudos e as correspondentes equivalencias aos títulos do sistema educativo xeral.

2. Os aspirantes a militar de tropa e mariñeiría que o 1 de xaneiro de 2010 se encontren no proceso continuo de selección correspondente ao ano 2009, cursarán o seu ensino de formación en igualdade de condicións que os de ciclos anteriores regulados pola mesma convocatoria.

Disposición transitoria segunda. *Directrices de plans de estudos.*

As directrices xerais que a continuación se relacionan e os plans de estudos desenvolvidos conforme elas continuarán sendo de aplicación ata que se extingan estes últimos:

a) Directrices xerais dos plans de estudos do ensino militar de formación para a incorporación ás escalas superior de oficiais e de oficiais dos corpos das Forzas Armadas, aprobadas polo Real decreto 434/2002, do 10 de maio.

b) Directrices xerais dos plans de estudos do ensino militar de formación para a incorporación ás escalas de suboficiais das Forzas Armadas, aprobadas polo Real decreto 205/2002, do 22 de febreiro.

c) Directrices xerais dos plans de estudos para o ensino militar de formación dos militares profesionais de tropa e mariñeiría, aprobadas pola Orde ministerial número 42/2000, do 28 de febreiro, e modificadas pola Orde DEF/462/2002, do 19 de febreiro, e pola Orde DEF/1251/2003, do 9 de maio.

d) Directrices xerais para a elaboración dos plans de estudos do ensino militar de formación dos militares de complemento, aprobadas pola Orde ministerial número 194/2001, do 18 de setembro, e modificadas pola Orde ministerial número 197/2002, do 13 de setembro.

Disposición transitoria terceira. *Promoción interna dos militares de complemento da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas.*

1. Quen o 1 de xaneiro de 2008, data de entrada en vigor da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, tivese a condición de militar de complemento, así como quen encontrándose na data indicada realizando o período de formación correspondente adquirise a citada condición, poderá acceder, por promoción interna, ao ensino de formación de oficiais para a incorporación ás escalas do corpo a que estea adscrito, excepto os adscritos aos corpos de especialistas, que o farán aos corpos xerais dos seus respectivos exércitos, conforme os seguintes criterios:

a) Empregos: alférez ou tenente, con polo menos catro anos de tempo de servizos como tales militares de complemento.

b) Títulos: estar en posesión da titulación universitaria requirida para cada corpo conforme o indicado no artigo 17 do regulamento que se aproba, excepto para a incorporación ás escalas de oficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña, aos cales durante os anos 2010, 2011 e 2012 se lles solicitará a mesma titulación universitaria que se lles requiriu para acceder á condición de militar de complemento.

c) Límites de idade: non cumprir nin ter cumprido no ano en que se publique a correspondente convocatoria a idade máxima de 37 anos. Durante os anos 2010, 2011 e 2012 quedarán exentos dese límite de idade.

d) Os sistemas de selección e o resto de condicións para o acceso son as que se determinan no regulamento que se aproba.

2. Os procesos de selección para o ingreso axustaranse ao disposto no regulamento que se aproba. Durante os anos 2010, 2011 e 2012, para acceder ao ensino de formación de oficiais para incorporarse aos corpos xerais e de Infantaría de Mariña, o sistema de selección, a valoración do concurso, as probas de que consta a oposición e a cualificación final ateranse ao establecido na Orde ministerial 73/2002, do 19 de abril, pola que se aproban as normas por que se deben rexer os procesos selectivos de acceso por promoción interna ás ensinanzas de formación para a incorporación ás escalas superiores de oficiais dos corpos xerais dos exércitos e de Infantaría de Mariña, así como ao que dispoña a convocatoria correspondente.

3. A incorporación ás diferentes escalas producirase unha vez superados os plans de estudos elaborados conforme o que se dispón no regulamento que se aproba. Durante os anos 2010, 2011 e 2012, o ensino de formación de oficiais para incorporarse aos corpos xerais e de Infantaría de Mariña rexeráse polos plans de estudos establecidos conforme normativas anteriores.

4. Na provisión anual reservaranse prazas específicas aos militares de complemento que posúan as titulacións requiridas, para o ingreso nos centros docentes militares de formación para o acceso ás diferentes escalas de oficiais dos corpos comúns das Forzas Armadas e dos corpos de intendencia e enxeñeiros dos exércitos.

Disposición transitoria cuarta. *Ingreso por promoción con exigencia de titulación universitaria previa.*

1. A partir do curso académico 2010-2011, aos suboficiais e aos militares de tropa e mariñeira reservánselles prazas por promoción para cambio de escala, con exigencia de titulación universitaria previa, para ingresar nos centros docentes militares de formación para incorporarse ás escalas de oficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña. Durante os anos 2010, 2011 e 2012, para ingresar nos centros indicados, o sistema de selección, a valoración do concurso, as probas de que consta a oposición e a cualificación final ateranse ao establecido na Orde ministerial 73/2002, do 19 de abril, así como ao que dispoña a convocatoria, e a incorporación ás escalas de oficiais producirase unha vez superados os correspondentes plans de estudos cuxa duración e carga global se axustarán ao determinado no artigo 15.2 do Real decreto 434/2002, do 10 de maio.

2. Para as restantes formas de ingreso nos centros docentes militares de formación para incorporarse ás escalas de oficiais mencionadas no número anterior, cando se exijan requisitos de titulación universitaria previa, o réxime previsto no regulamento que se aproba non se aplicará antes do curso académico 2013-2014.

Disposición transitoria quinta. *Ampliación dos límites máximos de idade.*

1. Para participar nos procesos de selección que se convoquen durante os anos 2010, 2011 e 2012 para cursar as ensinanzas de formación que se indican, non se deberán cumprir nin ter cumprido, no ano en que se publique a correspondente convocatoria, as seguintes idades máximas:

Ensinanzas para a incorporación a escalas	Acceso directo	Ano-idade		
		2010	2011	2012
Oficiais corpos xerais e de Infantaría de Mariña.	Sen titulación	23	22	21
Oficiais de: Corpos de intendencia e de enxeñeiros do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire. Corpos comúns das Forzas Armadas excepto a especialidade de medicina do corpo militar de sanidade e a de dirección do corpo de músicas militares.	Con titulación	33	32	31
Suboficiais corpos xerais e de Infantaría de Mariña.	Sen titulación	23	22	22

2. Nas convocatorias correspondentes aos anos 2010, 2011 e 2012, os militares de carreira das escalas técnicas dos corpos de enxeñeiros do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire que posúan a titulación requirida conforme o indicado no artigo 17.2 do regulamento que se aproba, poderán acceder por promoción para cambio de escala ás prazas que se determinen na provisión anual, quedando exentos dos límites de idade, así como do tempo de servizos exixido na súa escala de orixe.

3. Para participar nos procesos de selección que se convoquen para acceder aos corpos de enxeñeiros, por promoción para cambio de corpo, os límites de idade daqueles que iniciasen con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto os cursos do ensino de perfeccionamento que lles van posibilitar adquirir algunha das titulacións de enxeñeiro exixidas conforme o indicado no artigo 17.2 do regulamento que se aproba, ampliáanse a non cumprir nin ter cumprido no ano da convocatoria a idade de 37 anos.

4. Nas convocatorias correspondentes aos anos 2010, 2011 e 2012, os suboficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña poderán acceder por promoción para cambio de escala ás prazas que se determinen na provisión anual, cando non se exijan requisitos previos de titulación universitaria, quedando exentos dos límites de idade.

5. Nas convocatorias correspondentes aos anos 2010 ata o 2015, os suboficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña que posúan a titulación requirida conforme o indicado no artigo 17.1.b).2.º do regulamento que se aproba, poderán acceder por promoción para cambio de escala ás prazas que se determinen na provisión anual, quedando exentos dos límites de idade.

6. Para participar nos procesos de selección que se convoquen durante os anos 2010, 2011 e 2012 para adscribirse como militar de complemento, non se deberá cumprir nin ter cumprido no ano en que se publique a correspondente convocatoria a idade máxima de 33 anos, excepto no caso daqueles aos cales sexa preciso impartir formación de voo, para os cales se mantén a idade de 30 anos a que fai referencia o artigo 16.1.c) do regulamento que se aproba.

7. Para participar nos procesos de selección que se convoquen durante os anos 2011, 2012, 2013 e 2014 para incorporarse por promoción para cambio de escala á escala de oficiais do corpo de músicas militares, especialidade fundamental de instrumentista, os suboficiais músicos quedan exentos dos límites de idade establecidos.

Disposición transitoria sexta. *Normativa aplicable aos procesos de selección para o ingreso nos centros docentes militares de formación.*

1. Mentres non se autorice a que se impartan ensinanzas conducentes á obtención de títulos de técnico superior de formación profesional do sistema educativo xeral en centros docentes militares de formación para incorporarse ás escalas de suboficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña, os procesos de selección para o ingreso neses centros rexeranse polas normas que se indican a continuación e axustaranse ademais ao disposto nos capítulos I e II do regulamento que se aproba, excepto o establecido nos artigos 5.6 e 8.6.b):

a) A Orde 163/2001, do 27 de xullo, pola que se aproban as normas polas que se deben rexer os procesos selectivos de acceso ás ensinanzas de formación para a incorporación á escala de suboficiais dos corpos xerais dos exércitos, de Infantaría de Mariña e dos corpos de especialistas dos exércitos, que será de aplicación para o acceso, por promoción para cambio de escala, aos centros docentes militares de formación para a incorporación ás escalas de suboficiais dos corpos xerais dos exércitos e de Infantaría de Mariña.

b) A Orde DEF/1407/2008, do 13 de maio, pola que se aproban as normas polas que se deben rexer os procesos selectivos de acceso directo ás ensinanzas de formación para a incorporación ás escalas de suboficiais dos corpos xerais e de especialistas dos exércitos e do corpo de Infantaría de Mariña, que será de aplicación aos procesos de selección para o acceso por ingreso directo nos centros docentes militares de formación para a incorporación ás escalas de suboficiais dos corpos xerais dos exércitos e de Infantaría de Mariña.

2. Mentres non se desenvolvan as normas polas que se deben rexer os procesos de selección para o ingreso nos centros docentes militares de formación para a incorporación ás diferentes escalas de oficiais dos corpos de intendencia e de enxeñeiros do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire e dos corpos comúns das Forzas Armadas, á escala de suboficiais do corpo de músicas militares, así como para adscribirse como militar de complemento e para acceder á condición de militar de tropa e mariñeira, manteranse as que se indican a continuación, en todo o que non se opoña ao que se determina nos capítulos I e II do regulamento que se aproba, excepto o establecido no artigo 5.6:

a) A Orde DEF/423/2002, do 19 de febreiro, pola que se aproban as normas polas que se deben rexer os procesos selectivos de acceso ás ensinanzas de formación para a incorporación á escala superior de oficiais dos corpos de intendencia dos exércitos, cando se exixa titulación previa, modificada pola Orde DEF/474/2008, do 19 de febreiro. Será de aplicación para o ingreso nos centros docentes militares de formación para a incorporación ás escalas de oficiais dos corpos de intendencia dos exércitos.

b) A Orde 280/2001, do 27 de decembro, pola que se aproban as normas polas que se deben rexer os procesos selectivos de acceso ás ensinanzas de formación para a incorporación á escala superior de oficiais e á escala técnica de oficiais dos corpos de enxeñeiros dos exércitos, que será de aplicación aos procesos de selección para o ingreso

nos centros docentes militares de formación para a incorporación ás escalas de oficiais e técnica dos corpos de enxeñeiros dos exércitos.

c) A Orde 164/2001, do 27 de xullo, polo que se aproban as normas polas que se deben rexer os procesos selectivos de acceso ás ensinanzas de formación para a incorporación á escala superior de oficiais do corpo xurídico militar, modificada pola Orde DEF/1024/2006, do 30 de marzo, e pola Orde DEF/587/2008, do 3 de marzo. Será de aplicación aos procesos de selección para o ingreso nos centros docentes militares de formación para a incorporación á escala de oficiais do corpo xurídico militar.

d) A Orde DEF/473/2008, do 19 de febreiro, pola que se aproban as normas polas que se deben rexer os procesos selectivos de acceso ás ensinanzas de formación para a incorporación á escala superior de oficiais do corpo militar de intervención, que será de aplicación aos procesos de selección para o ingreso nos centros docentes militares de formación para a incorporación á escala de oficiais do corpo militar de intervención.

e) A Orde DEF/3407/2003, do 27 de novembro, pola que se aproban as normas polas que se deben rexer os procesos selectivos de acceso ás ensinanzas de formación para a incorporación á escala superior de oficiais e á escala de oficiais do corpo militar de sanidade, que será de aplicación aos procesos de selección para o ingreso nos centros docentes militares de formación para a incorporación á escala de oficiais e de oficiais enfermeiros do corpo militar de sanidade.

f) A Orde 162/2001, do 27 de xullo, pola que se aproban as normas polas que se deben rexer os procesos selectivos de acceso ás ensinanzas de formación para a incorporación á escala superior de oficiais e á escala de suboficiais do corpo de músicas militares, corrixida mediante a Orde 225/2001, do 24 de outubro. Será de aplicación aos procesos de selección para o ingreso nos centros docentes militares de formación para a incorporación ás escalas de oficiais e de suboficiais do corpo de músicas militares.

g) A Orde DEF/1277/2002, do 22 de maio, pola que se aproban as normas polas que se deben rexer os procesos selectivos de acceso ás ensinanzas de formación que capacitan para adquirir a condición de militar de complemento adscrito aos corpos e escalas dos corpos específicos dos exércitos.

h) As resolucións do subsecretario de Defensa polas cales se convocan probas selectivas para o ingreso nos centros docentes militares de formación para o acceso de nacionais e estranxeiros á condición de militar de tropa e mariñeiría.

3. A Orde PRE/2622/2007, do 7 de setembro, pola que se aproba o cadro médico de exclusións exixible para o ingreso nos centros docentes militares de formación, modificada pola Orde PRE/528/2009, do 2 de marzo, será de aplicación a todos os procesos de selección.

4. Mentres non se determinen as probas físicas que se deberán superar para ingresar nos centros docentes militares de formación, conforme o disposto no artigo 8.3 do regulamento que se aproba, estas estableceranse na correspondente convocatoria.

5. Autorízase o subsecretario de Defensa a efectuar, nas convocatorias, as adaptacións precisas para axustar as probas que configuran a fase de oposición ás novas especialidades fundamentais que regulamentariamente se determinen.

Disposición transitoria sétima. *Normativa aplicable aos plans de estudos.*

1. Mentres non se autorice que se impartan ensinanzas conducentes á obtención de títulos de técnico superior de formación profesional do sistema educativo xeral nos centros docentes militares de formación para incorporarse ás escalas de suboficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña, manteranse os plans de estudos en vigor. Neste marco, a obtención do primeiro emprego militar ao incorporarse á escala de suboficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña será equivalente ao título de técnico superior de formación profesional, sendo esta unha equivalencia xenérica de nivel académico.

2. Ata a aprobación e entrada en vigor dos novos plans de estudos axustados á ordenación das ensinanzas que se dispoñen no capítulo III do regulamento que se aproba, e ás directrices xerais que determine o ministro de Defensa, manteranse, para o acceso

ás escalas non mencionadas no número 1, os plans de estudos elaborados conforme normativas anteriores. Os plans de estudos do ensino de formación para incorporarse ás escalas de oficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña deberán adecuarse ao disposto no regulamento que se aproba e aplicarse a partir do curso escolar 2010/2011.

3. Os plans de estudos elaborados conforme normativas anteriores extinguiranse progresivamente curso por curso, segundo se vaian implantando os que se desenvolvan de acordo cos criterios establecidos neste regulamento e coas directrices xerais que aprobe o ministro de Defensa.

Disposición transitoria oitava. *Declaración de razón de interese público.*

Ata o ano 2015, para posibilitar que os centros universitarios da defensa, creados polo Real decreto 1723/2008, do 24 de outubro, dispoñan nos seus cadros do suficiente persoal docente e investigador que garanta a calidade do ensino que se vaia impartir de acordo cos parámetros e criterios adoptados no ámbito do Espazo Europeo de Educación Superior e para permitir que os catedráticos e profesores titulares das universidades públicas españolas poidan desenvolver tamén a súa actividade docente nestes centros, decláranse de interese público os postos de doutor dos cadros de persoal dos centros universitarios da defensa, para os efectos previstos no artigo 3.1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Disposición transitoria novena. *Reserva específica de prazas para o ingreso directo co título de técnico superior.*

Durante os anos 2010, 2011 e 2012, en caso de se efectuar reserva específica de prazas na provisión anual, poderase participar nos procesos de selección por ingreso directo para incorporarse ás escalas de oficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña, cos títulos de técnico superior a que se refiren os artigos 44 e 53 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, sempre e cando estean adscritos á rama de coñecemento de enxeñaría e arquitectura, de acordo co disposto no anexo II do Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro, polo que se regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e os procedementos de admisión ás universidades públicas españolas.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

1. Queda derogado o Real decreto 1735/2000, do 20 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso e promoción nas Forzas Armadas, modificado polo Real decreto 382/2008, do 14 de marzo.

2. Quedan derogados os artigos 2 e 8 do Regulamento de acceso de estranxeiros á condición de militar profesional de tropa e mariñeira, aprobado polo Real decreto 1244/2002, do 29 de novembro, modificado polo Real decreto 2266/2004, do 3 de decembro, e pola Orde ministerial 217/2004, do 30 de decembro, e a Orde ministerial 66/2007, do 4 de maio.

3. Así mesmo, quedan derogadas aquelas disposicións de igual ou inferior rango no que se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1723/2008, do 24 de outubro, polo que se crea o sistema de centros universitarios da defensa.*

Modifícase o artigo 5 do Real decreto 1723/2008, do 24 de outubro, polo que se crea o sistema de centros universitarios da defensa, que queda redactado como segue:

«Artigo 5. *Financiamento.*

Os centros universitarios da defensa disporán de orzamento propio financiado con cargo ao capítulo 4, Transferencias correntes, e ao capítulo 7, Transferencias de capital, do orzamento do Ministerio de Defensa e, debido ao seu carácter de centros universitarios, gozarán de autonomía económica e financeira. Poderán

contar, ademais, con outros recursos procedentes de subvencións que, conforme a lexislación vixente, se lles poidan outorgar, así como cos remanentes de tesouraría e calquera outro ingreso percibido no exercicio das súas actividades.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación de rango do Real decreto 1360/1981, do 20 de xuño, polo que se regula o recoñecemento das aptitudes en idiomas nas Forzas Armadas.*

O Real decreto 1360/1981, do 20 de xuño, polo que se regula o recoñecemento das aptitudes en idiomas nas Forzas Armadas, continuará en vigor, con rango de orde ministerial, ata que o ministro de Defensa aprobe a normativa reguladora no ámbito das Forzas Armadas das aptitudes en idiomas que o derogue de forma expresa.

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.4.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre Defensa e Forzas Armadas.

Disposición derradeira cuarta. *Desenvolvemento normativo.*

Autorízase o ministro de Defensa a ditar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación deste real decreto, así como a modificar a táboa de títulos do anexo II do regulamento que se aproba.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado.»

Dado en Madrid o 15 de xaneiro de 2010

JUAN CARLOS R.

A ministra de Defensa,
CARME CHACÓN PIQUERAS

REGULAMENTO DE INGRESO E PROMOCIÓN E DE ORDENACIÓN DO ENSINO DE FORMACIÓN NAS FORZAS ARMADAS

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto deste regulamento é establecer os requisitos e procedementos para ingresar nos centros docentes militares de formación para cursar as ensinanzas que permitan vincularse profesionalmente ás Forzas Armadas como militar de carreira, militar de tropa e mariñeira ou militar de complemento, e para que os militares profesionais poidan cambiar de escala e, de ser o caso, de corpo.

Así mesmo, dispóñense os criterios de ordenación do ensino de formación, especialmente do que supón a integración de dous plans de estudos, ensino que ten como finalidade preparar e capacitar o militar para incorporarse ou adscribirse ás distintas escalas dos diferentes corpos.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. O disposto neste regulamento será de aplicación aos aspirantes que vaian participar nos procesos de selección para cursar as ensinanzas que lles permitan vincularse profesionalmente ás Forzas Armadas como militar de carreira, militar de tropa e mariñeira ou militar de complemento ou, de estaren xa vinculados, cambiar de corpo ou escala.

Igualmente, será de aplicación aos alumnos que cursen o ensino de formación para integrarse ou adscribirse aos corpos que compoñen as Forzas Armadas.

2. No ámbito deste regulamento, sempre que se empregue o termo «centros docentes militares de formación» entenderase que inclúe tamén os centros de formación dos militares de tropa e mariñeira.

Así mesmo, sempre que neste regulamento se faga referencia aos termos de graduado, licenciado, enxeñeiro e enxeñeiro técnico, arquitecto e arquitecto técnico e diplomado, deberase entender que abranguen tamén os seus correspondentes do xénero feminino.

CAPÍTULO II

Procedemento de ingreso nos centros docentes militares de formación

Sección 1.^a *Xeneralidades*

Artigo 3. *Principios reitores na selección para o ingreso.*

1. O acceso ás ensinanzas de formación farase de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e conforme o disposto neste regulamento e no resto do ordenamento xurídico.

2. Nos procedementos de selección garantíranse, tamén, os seguintes principios:

- a) Publicidade das convocatorias e das súas bases.
- b) Transparencia.
- c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.
- d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.
- e) Adecuación do contido dos procesos selectivos aos requisitos académicos que se exixan para poder optar ao ingreso.
- f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade.
- g) Igualdade de trato a mulleres e homes. As únicas diferenzas por razón de xénero poderán ser as que deriven das distintas condicións físicas que, de ser o caso, se poidan considerar no cadro de condicións exixibles para o ingreso.

Artigo 4. *Formas de ingreso.*

O ingreso nos centros docentes militares de formación producirase de conformidade con este regulamento, coas súas normas de desenvolvemento e coa correspondente convocatoria, dalgunha das seguintes formas:

- a) Directo: procedemento aberto baseado no principio de libre concorrancia.
- b) Promoción para cambio de escala: procedemento restrinxido aos militares profesionais para lles posibilitar, dentro do seu mesmo corpo, o acceso a outra escala. Tamén se considera promoción para cambio de escala a incorporación dos militares de complemento ao corpo e, de ser o caso, escala, a que estean adscritos, ou a unha escala distinta dentro do mesmo corpo.
- c) Promoción para cambio de corpo: procedemento restrinxido aos militares profesionais para lles posibilitar a integración ou adscrición a un corpo distinto ao de pertenza.

Artigo 5. *Sistemas de selección.*

1. Os sistemas de selección para ingresar nos centros docentes militares de formación serán os de concurso, oposición ou concurso-oposición libres.
2. O concurso consiste na comprobación e cualificación dos méritos dos aspirantes admitidos e no establecemento da súa orde de prelación. A oposición, na realización de unha ou de máis probas para determinar a capacidade e a aptitude dos aspirantes admitidos e fixar a súa orde de prelación. O concurso-oposición, na sucesiva realización dos dous sistemas anteriores.
3. No concurso e concurso-oposición valorarase como mérito o tempo servido nas Forzas Armadas, así como o permanecido como reservista voluntario. Cando se empreguen estes sistemas para a forma de ingreso por promoción valoraranse, ademais, outros méritos profesionais de entre os que figuran no historial militar.
4. Nas convocatorias poderase fixar unha puntuación mínima que se deberá alcanzar, tanto no concurso como na puntuación final da oposición ou na do concurso-oposición.
5. Nas convocatorias poderase establecer, para os sistemas de oposición e de concurso-oposición, naquelas probas que se determinen, unha puntuación mínima que deberán superar os opositores ou, de ser o caso, precisar o número de aspirantes que poden continuar o proceso de selección, cifra que se concretará aplicando un coeficiente multiplicador ao total de prazas convocadas.
6. A incidencia do concurso na puntuación final máxima que se poida obter por concurso-oposición non poderá ser superior ao 10 por cento no ingreso directo, nin ao 30 por cento no cambio de escala ou de corpo. O indicado non será de aplicación no sistema de selección que se empregue para o ingreso nas ensinanzas de formación de oficiais e de suboficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña, que se regulará polo que dispoñan as normas que rexan os procesos de selección correspondentes.

Artigo 6. *Modelo de ingreso e promoción do militar profesional.*

1. Conforme o indicado no artigo 18 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, en diante Lei da carreira militar, aprobarase anualmente a provisión de prazas de ingreso nos centros docentes militares de formación, na cal se concretará cantas delas serán prazas de acceso aos corpos e escalas das Forzas Armadas unha vez finalizado o proceso de formación.
2. O número de prazas para o ingreso directo nas ensinanzas de formación de oficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña, cando non se exixa titulación universitaria, será superior ao das establecidas para a incorporación á escala.
3. Cando se impartan ensinanzas conducentes á obtención de títulos de técnico superior de formación profesional do sistema educativo xeral nos centros docentes militares de formación para incorporarse ás escalas de suboficiais dos corpos xerais e de Infantaría

de Mariña, o número de prazas para o ingreso directo será superior ao das establecidas para a incorporación á escala.

4. Os oficiais militares de carreira poderán cambiar de corpo mediante as formas de ingreso directo e promoción. Ademais, os pertencentes ás escalas técnicas dos corpos de enxeñeiros e á escala de oficiais enfermeiros do corpo militar de sanidade, para accederen ás escalas de oficiais do seu mesmo corpo, poderano facer por promoción para cambio de escala sempre e cando reúnan os requisitos de titulación exixidos.

5. Os suboficiais poderán acceder ás ensinanzas de formación de oficiais por ingreso directo e promoción.

6. Os militares de tropa e mariñeiría poderán acceder ás ensinanzas de formación de oficiais e de suboficiais por ingreso directo e por promoción.

7. Os militares de complemento poderán acceder ás ensinanzas de formación de oficiais por ingreso directo e por promoción.

8. Na provisión anual de prazas de ingreso nos centros docentes militares de formación especificarase a posibilidade de transferencia das non cubertas pola forma de ingreso directo ás de promoción para cambio de escala ou, de ser o caso, de corpo, e viceversa.

Artigo 7. *Ensinanzas e prazas nos centros universitarios da defensa.*

1. Para os efectos indicados no artigo 43.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, as universidades públicas a que estean adscritos os centros universitarios da defensa incluírán, na súa oferta de ensinanzas e prazas, como prazas adicionais, as aprobadas polo Consello de Ministros na provisión anual para cursar as ensinanzas universitarias que permitan a incorporación ás escalas de oficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña.

2. Non se lle aplicará ao total das prazas adicionais que se oferten para os centros universitarios da defensa as cotas de reserva a que se refiren os artigos 49 ao 53, ambos inclusive, do Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro, polo que se regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e os procedementos de admisión ás universidades públicas españolas.

Artigo 8. *Procesos de selección.*

1. O proceso de selección comezará coa publicación da correspondente convocatoria e concluírá na data de presentación nos centros docentes militares de formación dos propostos como alumnos polo órgano de selección.

2. As probas que se deberán superar nos procesos de selección para cursar as ensinanzas de formación serán adecuadas ao nivel e ás características das ensinanzas que se van cursar ou, de ser o caso, ao desempeño das funcións profesionais correspondentes. Ambos os aspectos condicionarán os requisitos de titulación, niveis de estudos ou académicos requiridos.

3. Nos procesos de selección para cursar as ensinanzas de formación verificarase, mediante recoñecementos médicos e probas psicolóxicas e físicas, que o aspirante posúe a necesaria aptitude psicofísica. Mediante a realización doutras probas específicas de lingua inglesa tamén se poderá comprobar que os aspirantes reúnen as capacidades necesarias para superar os correspondentes plans de estudos. O ministro de Defensa determinará os cadros médicos de exclusións e as probas físicas que se deberán superar para ingresar nos diferentes centros docentes militares de formación. Os declarados non aptos no recoñecemento médico ou nas probas físicas quedarán eliminados do proceso selectivo.

4. As aptitudes físicas, nos procesos de cambio de escala ou de corpo, poderanse acreditar mediante as certificacións referidas ás probas periódicas que, no ámbito das súas competencias, poidan determinar o subsecretario de Defensa ou os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, sempre e cando estas sexan válidas no momento que determine a convocatoria correspondente.

5. Nos procesos de selección as probas ou exercicios poderanse realizar de forma individualizada ou colectiva e, neste último caso, en quenda única ou por quendas.

6. O ministro de Defensa aprobará as normas polas que se deben rexer os procesos de selección para ingresar nos centros docentes militares de formación para acceder ás Forzas Armadas como militar de carreira, militar de tropa e mariñeiría ou militar de complemento, e de admisión, de ser o caso, nos centros que impartan ensinanzas do sistema educativo xeral. Nesas normas especificaranse, polo menos, o sistema de selección, as probas ou exercicios que hai que superar en cada un deles e a forma en que se cualifican e o baremo de méritos que se aplicará, considerando as seguintes singularidades:

a) Para o ingreso directo sen exigencia de titulación universitaria previa nos centros docentes militares de formación para incorporarse ás escalas de oficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña e a correspondente admisión aos centros universitarios da defensa, a adxudicación das prazas efectuarase de acordo coa nota de admisión que, en cada caso, corresponda conforme o disposto no Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro, fixándose o parámetro de ponderación das materias da fase específica ou módulos que se valoran en 0,1.

O subsecretario de Defensa poderá elevar este parámetro, ata 0,2, naquelas materias que considere máis idóneas para seguir con éxito os plans de estudos correspondentes. De se modificar, deberanse facer públicos os valores e as materias e módulos afectados, antes do 31 de marzo do ano anterior ao da proba de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao.

b) Para o ingreso directo sen exigencia de titulación universitaria ou de formación profesional, nos centros docentes militares de formación para incorporarse ás escalas de oficiais e de suboficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña e a correspondente admisión nos centros que impartan ensinanzas do sistema educativo xeral, á fórmula utilizada para determinar a nota de admisión engadiráselle un novo sumando que, conforme o disposto no artigo 56.7 da Lei da carreira militar, valore o tempo servido nas Forzas Armadas. A puntuación que se outorgue por este concepto non poderá superar os 0,5 puntos.

Sección 2.^a Convocatorias

Artigo 9. *Xeneralidades.*

1. O subsecretario de Defensa convocará anualmente os procesos de selección de ingreso nos centros docentes militares de formación para acceder ás Forzas Armadas e cubrir as prazas aprobadas na provisión anual. De o requiriren as necesidades de planeamento, poderanse realizar varias convocatorias durante o ano correspondente ata alcanzar o número de prazas establecido para acceder a un determinado corpo ou escala. A convocatoria para vincularse como militar de tropa e mariñeiría permitirá a realización dun proceso continuo de selección.

2. As convocatorias, que conterán as bases comúns ou referencia á disposición que as regula, e as específicas, deberanse axustar ás prescricións contidas neste regulamento e nas súas normas de desenvolvemento e rexerán o procedemento de selección para a asignación das prazas que se convoquen. Publicaranse no Boletín Oficial del Estado ou no Boletín Oficial del Ministerio de Defensa as que se refiran exclusivamente a procesos de promoción para militares profesionais.

3. As convocatorias de ingreso directo nos centros docentes militares de formación do mesmo nivel poderanse efectuar de forma unitaria.

4. As bases das convocatorias vinculan a Administración, os órganos de selección que interveñan nas probas selectivas e aqueles que participen nelas. Unha vez publicadas, soamente poderán ser modificadas polas causas e cos requisitos establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 10. *Orde de actuación.*

Nas probas selectivas para acceder ás ensinanzas de formación, cando así se requira, a orde de actuación dos aspirantes será a que se determine seguindo o procedemento establecido no artigo 17 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 364/1995, do 10 de marzo. De convocarse algún proceso selectivo sen que se realizase o sorteo de letra para ese ano, utilizarase a correspondente ao ano anterior e manterase, para esa convocatoria, ata a finalización de todas as probas.

Artigo 11. *Bases comúns.*

O subsecretario de Defensa establecerá as bases comúns que rexerán os procesos de selección, que regularán, entre outros, os seguintes aspectos:

- a) Prazos e rexistros válidos de presentación das solicitudes.
- b) Procedemento de liquidación dos dereitos de exame, cando for necesario.
- c) Requisitos xerais que deben reunir os aspirantes.
- d) Procedemento de elaboración, aprobación e publicación das listas de admitidos e excluídos, así como a determinación do prazo de corrección de erros e defectos.
- e) Composición e funcionamento dos órganos de selección e dos órganos asesores e de apoio.
- f) Normas de desenvolvemento dos recoñecementos médicos e das probas físicas.
- g) Procedemento para a aprobación e publicación das listas coa relación de aspirantes propostos para ingresar como alumnos nos centros docentes militares de formación.

Artigo 12. *Bases específicas.*

1. As bases específicas, que serán determinadas polo subsecretario de Defensa nos procesos de selección que convoque anualmente, conterán, como mínimo, o seguinte:

- a) O número e as características das prazas convocadas e a distribución, de ser o caso, por especialidades.
- b) A posibilidade de acumulación e transferencia das prazas que queden sen cubrir, conforme o disposto na provisión anual de prazas.
- c) O modelo de solicitude, indicando, de se tratar dunha convocatoria unitaria, prioridades se as houber, así como o organismo a que se debe dirixir e a data límite de presentación.
- d) O sistema de selección.
- e) Os requisitos específicos exixibles aos aspirantes e a data límite en que os deben reunir.
- f) As probas que se deban realizar, o seu contido, orde de realización, duración, así como a relación de méritos que, de ser o caso, se deban considerar e a súa baremación, ou referencia á normativa en que se estableza.
- g) A data de inicio das probas ou referencia á disposición onde se determinará e a orde de actuación dos aspirantes.
- h) A puntuación mínima que, de ser o caso, se deberá alcanzar nos sistemas de concurso, oposición e concurso-oposición, así como en que proba ou probas da fase de oposición, se houber algunha, haberá que superar unha cualificación mínima, ou referencia á normativa en que se dispoña. Tamén se poderá establecer o número dos que poderán continuar realizando o proceso de selección, que se determinará aplicando un coeficiente multiplicador ao número de prazas convocadas.
- i) O sistema de cualificación, ou referencia á normativa en que se fixa.
- j) Criterios para a adxudicación das prazas convocadas.
- k) A designación do tribunal cualificador ou órgano de selección encargado do desenvolvemento e cualificación das probas selectivas, así como a designación da

autoridade que debe aprobar e publicar as listas de admitidos e excluídos ás probas e a relación dos aspirantes propostos para ingresar como alumnos nos centros docentes militares de formación.

l) A data en que os aspirantes propostos para o seu posible nomeamento como alumnos deben efectuar a súa presentación no centro docente militar de formación.

m) Os dereitos de exame que debe aboar o aspirante, se procede.

2. O acceso a militar de tropa e mariñeiría efectuarase, con parámetros obxectivos de selección, nun proceso continuo; nas bases específicas reflectirase o total dos efectivos que se deberán alcanzar e manter durante o ano, así como a forma de facer pública a oferta de prazas en sucesivos ciclos de selección, indicando o procedemento para solicitar a participación nas correspondentes probas selectivas destes ciclos.

Sección 3.^a *Órganos de selección*

Artigo 13. *Criterios xerais.*

1. Os órganos de selección serán colexiados e estarán constituídos por un número impar de membros, con nivel de titulación igual ou superior á exigida para o ingreso na escala de que se trate. Serán designados libremente de acordo co previsto na súa norma de creación, e adecuaranse, no posible, á aplicación equilibrada do criterio de xénero. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual e non se poderá exercer esta en representación ou por conta de ninguén.

2. Os militares que manteñan unha relación de servizos profesionais mediante compromisos de carácter temporal non poderán formar parte dos órganos de selección. Tampouco poderán formar parte o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

3. Os membros dos órganos de selección absteneranse de intervir no procedemento selectivo se neles concorren circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e informarán desa cuestión a autoridade que os designou. Os aspirantes poderanos recusar de acordo co indicado no artigo 29 do citado texto legal. Aqueles que desenvolvan actividades de preparación de aspirantes non poderán formar parte dos órganos de selección para o acceso á mesma escala respecto á cal realizan a preparación, mentres practiquen esa actividade e durante os cinco anos posteriores á súa finalización.

4. Os órganos de selección non poderán declarar que superou o proceso selectivo un número de aspirantes superior ao de prazas convocadas. Malia o anterior, cando antes da data de presentación no centro docente militar de formación dos aspirantes propostos como alumnos se produza algunha renuncia nas condicións que dispoña a convocatoria, ou se comprobe que algún deles non reúne ou perdeu algún dos requisitos xerais ou específicos exigidos, o órgano que designase ao presidente do tribunal de selección poderalle requirir relación complementaria dos aspirantes que, tendo superado o proceso de selección, obtivesen unha puntuación global inmediatamente inferior á do último proposto como alumno, co fin de cubrir a renuncia ou a baixa producida. Alcanzada a data de presentación nos centros docentes militares de formación, extínguese calquera outro dereito derivado do proceso selectivo.

5. As resolucións e os actos dos órganos de selección poderán ser impugnados e revisados de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Sección 4.^a *Requisitos que deben reunir os aspirantes*

Artigo 14. *Principio xeral.*

Para participar nos procesos de selección para o ingreso nos centros docentes militares de formación para incorporarse ou adscribirse ás diferentes escalas das Forzas Armadas deberanse reunir, e manter ata a súa conclusión, os requisitos xerais e específicos que,

para cada forma de ingreso e ensinanzas que se vaian cursar, se determinan nesta sección.

Quen non reúna ou perda algún dos aludidos requisitos será excluído do proceso de selección e quedarán anuladas todas as súas actuacións, e perderá os dereitos ou expectativas derivados da súa condición de aspirante ou do feito de ter superado o proceso selectivo.

Artigo 15. *Requisitos xerais dos aspirantes.*

1. Para participar nos procesos de selección para cursar as ensinanzas de formación, os aspirantes deberán reunir os requisitos xerais seguintes:

a) Posuír a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no número 2 deste artigo.

b) Non estar privado dos dereitos civís.

c) Carecer de antecedentes penais.

d) Non estar procesado ou imputado nalgún procedemento xudicial por delito doloso.

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, ou dos órganos constitucionais, ou dos órganos estatutarios das comunidades autónomas, nin estar inhabilitado con carácter firme para o exercicio de funcións públicas.

f) Ter cumpridos ou cumprir no ano da convocatoria os dezoito anos de idade e non superar os límites de idade que, para cada caso, se establecen neste regulamento, aínda que a súa incorporación ou adscrición a unha escala quedarán supeditadas a ter cumpridos os 18 anos de idade.

g) Estar en posesión dos niveis de estudos ou da titulación exixida que se determina neste regulamento para acceder a cada tipo de ensino de formación, na forma e nos prazos que estableza a convocatoria correspondente.

h) Non ter causado baixa nun centro docente militar de formación polas razóns establecidas no artigo 71.2, alíneas c) e d), da Lei da carreira militar.

i) Non terse resolto o seu compromiso como consecuencia dun expediente de insuficiencia de facultades profesionais.

2. Os que, non tendo a nacionalidade española, sexan nacionais dos países que a convocatoria determine de entre os que figuran no anexo I, poderán participar nos procesos de selección para cursar as ensinanzas para se vincular profesionalmente ás Forzas Armadas como militar de tropa e mariñeiría, ou militar de complemento do corpo militar de sanidade na especialidade de medicina. Nestes casos, a cota de prazas será a que se fixe na provisión anual, e deberanse acreditar, ademais do indicado no punto anterior, os requisitos seguintes:

a) Encontrarse na situación de residencia temporal ou de longa duración en España.

b) Ter a maioría de idade consonte o disposto na súa lei nacional.

c) Carecer de antecedentes penais nos seus países anteriores de residencia por delitos existentes no ordenamento xurídico español.

d) Non figurar como rexeitable no espazo territorial de países cos cales España asinase un convenio en tal sentido.

O disposto neste número aplicarase aos estranxeiros dos países que figuran no anexo I sempre que, conforme a lexislación do seu país de orixe ou o previsto en convenios internacionais, non perdan a súa nacionalidade ao entraren ao servizo das Forzas Armadas españolas, nin teñan prohibición de alistamento militar nestas.

3. Quen cause baixa nun centro docente militar de formación pola razón establecida no artigo 71.2.b) da Lei da carreira militar, tampouco poderá concorrer aos procesos de selección para recibir ensinanzas do mesmo nivel e características que as que cursaba cando causou a baixa.

4. Ademais dos requisitos xerais establecidos nos números 1 e 3, nos procesos de promoción dos militares profesionais deberanse cumprir os seguintes:

a) Non superar o número máximo de tres convocatorias, entendéndose por consumida unha cando o aspirante fose incluído na lista de admitidos ás probas. Porén, se a incomparecencia obedecese a causa de forza maior debidamente xustificada, a motivos de embarazo, parto ou posparto, ou ben a que o militar se encontre participando nunha misión fóra do territorio nacional, resolverase, logo de solicitude e xustificación documental do interesado efectuada antes do inicio da primeira proba, non computarlle a convocatoria como consumida.

b) Encontrarse na situación de servizo activo ou na de excedencia sempre que sexa na modalidade e) do artigo 110.1 da Lei de carreira militar.

c) Non ter anotadas con carácter firme na súa documentación militar persoal sancións disciplinarias por faltas graves ou sancións disciplinarias extraordinarias.

d) Ter cumpridos os seguintes tempos de servizos na súa escala na data de incorporación ao centro docente militar de formación correspondente:

1.º Militares de complemento: 2 anos.

2.º Suboficiais: 2 anos.

3.º Tropa e mariñeiría: 3 anos.

e) Os militares que teñan establecida a súa relación de servizos profesionais mediante compromisos de carácter temporal deberán telo en vigor na data de incorporación ao centro docente militar de formación.

Artigo 16. *Requisitos específicos de idade.*

1. Para participar nos procesos de selección para cursar as ensinanzas de formación que a continuación se indican, non se deberán cumprir nin ter cumprido no ano en que se publique a correspondente convocatoria as seguintes idades máximas:

a) Para incorporarse ás escalas de oficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña:

1.º Ingreso directo sen exigencia previa de titulación de grao universitario: 20 anos.

2.º Ingreso directo con exigencia previa de titulación de grao universitario: 26 anos.

3.º Ingreso por promoción sen exigencia previa de titulación de grao universitario: 31 anos.

4.º Ingreso por promoción con exigencia previa de titulación de grao universitario: 35 anos.

b) Para incorporarse ás diferentes escalas de oficiais dos corpos de intendencia e de enxeñeiros do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, e dos corpos comúns das Forzas Armadas:

1.º Ingreso directo: 30 anos, excepto para a especialidade fundamental de medicina do corpo militar de sanidade e para a especialidade fundamental de dirección do corpo de músicas militares, que se establece en 33 anos, ou en 37 no suposto de que se requira estar en posesión dun título de médico especialista.

2.º Ingreso por promoción: 35 anos, excepto para a especialidade fundamental de medicina do corpo militar de sanidade e especialidade fundamental de dirección do corpo de músicas militares, que se establece en 37 anos.

c) Para adscribirse como militar de complemento ás diferentes escalas de oficiais: 30 anos, excepto para a especialidade fundamental de medicina do corpo militar de sanidade, que se establece en 33 anos.

d) Para incorporarse ás escalas de suboficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña:

1.º Ingreso directo sen exigencia previa dun título de técnico superior: 21 anos.

2.º Ingreso directo con exigencia previa dun título de técnico superior: 26 anos.

3.º Ingreso por promoción sen exigencia previa dun título de técnico superior: 31 anos.

4.º Ingreso por promoción con exigencia previa dun título de técnico superior: 33 anos.

e) Para incorporarse á escala de suboficiais do corpo de músicas militares:

1.º Ingreso directo: 27 anos.

2.º Ingreso por promoción: 33 anos.

2. Para participar nos procesos de selección para cursar as ensinanzas de formación para incorporarse ás escalas de tropa e mariñeira non se deberán ter cumpridos máis de 29 anos no momento que a convocatoria designe para incorporarse ao centro docente militar de formación.

Artigo 17. *Requisitos específicos de titulación.*

1. Para participar nos procesos de selección para cursar as ensinanzas de formación para incorporarse ás escalas de oficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña exixíranse os títulos ou niveis de estudos que, para cada caso, se especifican a continuación:

a) Ingreso directo:

1.º Sen titulación universitaria previa: os aspirantes deberán ter superado a proba de acceso á universidade prevista no artigo 38.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2.º Con titulación universitaria previa: as titulacións universitarias de carácter oficial e con validez en todo o territorio nacional que se establezan na convocatoria correspondente, de entre as que figuran no anexo II e as que conforme o alí indicado determine o ministro de Defensa.

b) Ingreso por promoción:

1.º Sen titulación universitaria previa: os aspirantes deberán ter superado a proba de acceso á universidade prevista no artigo 38.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio. Tamén se poderá participar coa proba específica prevista no artigo 69.6 da devandita lei, así como cos títulos de técnico superior que se determinan no número 1 do artigo 26 do Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro.

2.º Con titulación universitaria previa: as titulacións universitarias de carácter oficial e con validez en todo o territorio nacional que se establecen no anexo II e as que conforme o alí indicado determine o ministro de Defensa.

2. Para participar nos procesos de selección para cursar as ensinanzas de formación para incorporarse ás diferentes escalas de oficiais dos corpos de intendencia e enxeñeiros do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, e aos corpos comúns das Forzas Armadas excepto ao corpo de músicas militares exixíranse as titulacións universitarias de carácter oficial e con validez en todo o territorio nacional que se establezan na convocatoria correspondente, de entre as que figuran no anexo II e as que conforme o alí indicado determine o ministro de Defensa.

3. Para participar nos procesos de selección para cursar as ensinanzas de formación para incorporarse á escala de oficiais do corpo de músicas militares exixíranse os títulos superiores de música que se establezan na convocatoria correspondente de entre as que figuran no anexo II.

4. Para participar nos procesos de selección para cursar as ensinanzas de formación para adscribirse como militar de complemento exixíranse as titulacións universitarias de carácter oficial e con validez en todo o territorio nacional que se establezan na convocatoria correspondente, de entre as que figuran no anexo II e as que conforme o alí indicado determine o ministro de Defensa, en función da escala e corpo de adscrición.

5. Nos puntos anteriores en que non se exixa titulación universitaria previa, os aspirantes procedentes de sistemas educativos estranxeiros deberán acreditar o que, para cada caso, establece o capítulo III do Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro.

Cando se exixa titulación universitaria previa, os aspirantes que a obtivesen en universidades estranxeiras deberán estar en posesión da correspondente credencial de homologación co título universitario español que para acceder a cada corpo se requira, que se obterá conforme o disposto no Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan as condicións de homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación superior.

6. Para participar nos procesos de selección para cursar as ensinanzas de formación para incorporarse ás escalas de suboficiais exixíranse os títulos ou niveis de estudos que, para cada caso, se especifican a continuación:

a) Sen titulación previa de técnico superior: para integrarse nos corpos xerais e de Infantaría de Mariña, estar en posesión de calquera dos requisitos que para o acceso aos ciclos formativos de grao superior se determinan no artigo 21 e na disposición adicional sétima do Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo.

b) Con titulación previa de técnico superior: para integrarse nos corpos mencionados na letra a), os títulos de técnico superior de formación profesional que estableza a convocatoria correspondente, de entre os que figuran no anexo II.

c) Con titulación previa: para integrarse no corpo de músicas militares, os títulos e as ensinanzas de música que estableza a convocatoria, conforme o indicado no anexo II.

7. Para participar nos procesos de selección para cursar as ensinanzas de formación para incorporarse ás escalas de tropa e mariñeiría exixírase o título de graduado en educación secundaria obrigatoria durante os períodos que, en función das necesidades derivadas do planeamento da defensa e da evolución real de efectivos, determine o ministro de Defensa. Mentres non se fixen, o requisito de titulación establecerase na convocatoria correspondente.

Sección 5.^a *Protección da maternidade*

Artigo 18. *Desenvolvemento das probas en caso de embarazo, parto ou posparto.*

1. Co fin de asegurar a debida protección das aspirantes seleccionadas que se encontren en situación de embarazo, parto ou posparto, nos procesos de selección actuarase conforme as seguintes normas:

a) A situación de embarazo, parto ou posparto deberase acreditar documentalmente mediante a oportuna certificación. A Sanidade Militar indicará se a limitación da aspirante alcanza a totalidade ou só parte das probas que teña que realizar no correspondente proceso de selección.

b) En caso de necesario aprazamento na realización dalgunha das probas, a praza afectada quedará condicionada á superación por parte da aspirante da totalidade daquelas previstas na convocatoria a que pertence a praza afectada.

c) A aspirante efectuará, de ser o caso, as probas para as cales se lle apreciase plena capacidade e optará, respecto ás aprazadas, entre a súa realización nas datas que para estes únicos efectos se concreten na mesma convocatoria e sempre con anterioridade á de incorporación ao respectivo centro docente militar de formación dos propostos como aspirantes a seren designados alumnos ou naqueloutra que se estableza na convocatoria inmediatamente seguinte e que corresponda a unha provisión anual de prazas diferente.

d) Se, chegada a data sinalada para o efecto na convocatoria seguinte, a aspirante non puiden completar as probas selectivas por encontrarse nunha nova situación de embarazo, parto ou posparto, disporá, por última vez, da opción descrita na alínea anterior. Se neste último suposto non realizar e superar, calquera que sexa a causa, as probas selectivas pendentes, perderá todo dereito e expectativa á praza condicionada.

e) De optar a aspirante pola realización, en convocatoria diferente á inicial, da proba ou probas aprazadas, non lle serán de aplicación os requisitos específicos de idade, aínda que deberá manter durante todo o proceso de selección ata a data de incorporación ao centro docente militar de formación as restantes condicións xerais establecidas na convocatoria inicial.

f) Se a aspirante, en calquera das oportunidades indicadas, superar integramente o proceso selectivo, o órgano de selección incluíraa na relación dos propostos como aspirantes seleccionados para seren designados alumnos, con expresa indicación da convocatoria inicial a que pertence a praza definitivamente asignada.

2. Se por motivos derivados da súa situación de embarazo, parto ou posparto, a proposta como aspirante seleccionada para ser designada alumna non puider efectuar a súa presentación no centro docente militar de formación que corresponda, terá dereito a pospor a súa data de presentación, ou á reserva de praza, por unha soa vez, para iniciar o ensino de formación, na primeira oportunidade que se produza unha vez que cese a causa que o impediou. Os motivos deberanse acreditar ante o órgano que estableza a convocatoria, con antelación á data de incorporación ao centro correspondente.

3. Nas convocatorias dos procesos de selección para o ingreso nos centros docentes militares de formación para acceder ás Forzas Armadas disporase dun punto específico coa epígrafe «Protección da maternidade», onde se indicarán, expresamente, os criterios xerais e específicos de actuación aplicables, axustados ao disposto neste regulamento.

Sección 6.^a Nomeamento de alumnos

Artigo 19. Nomeamento de alumnos.

Ao faceren a súa presentación, os que ingresen nos centros docentes militares de formación asinarán o documento de incorporación ás Forzas Armadas segundo o modelo aprobado polo ministro de Defensa, salvo aqueles que xa pertencen a elas, e serán nomeados alumnos polo director ou xefe do centro docente militar de formación. A partir dese momento terán condición militar, sen quedaren vinculados por unha relación de servizos profesionais, e estarán suxeitos ao réxime de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas e ás leis penais e disciplinarias militares.

CAPÍTULO III

Ordenación do ensino de formación

Sección 1.^a Xeneralidades

Artigo 20. Principios xerais.

1. O ensino de formación para a incorporación ou adscrición ás diferentes escalas ten como obxectivo conseguir as competencias e os perfís necesarios para o exercicio profesional.

2. Cando para o ingreso nos centros docentes militares de formación para cursar as ensinanzas que permitan a incorporación ás escalas de oficiais e de suboficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña se exijan títulos universitarios ou de formación profesional do sistema educativo xeral, estes servirán para satisfacer os requisitos de titulación que establece o artigo 59 da Lei da carreira militar.

3. No ámbito deste regulamento denomínase instrución e adestramento o conxunto de exercicios de carácter eminentemente práctico conducentes a completar a formación militar relacionada con cada corpo, escala e especialidade.

Artigo 21. *Carga de traballo.*

1. Nos plans de estudos da formación militar xeral, específica e, de ser o caso, técnica así como para a adquisición da especialidade fundamental, para incorporarse ou adscribirse ás diferentes escalas empregaranse como unidades de medida as seguintes:

a) Ensino de oficiais: o crédito europeo (ECTS), que representa a cantidade de traballo do estudante para cumprir os obxectivos do programa de estudos. Integra as ensinanzas teóricas e prácticas, así como outras actividades académicas dirixidas, con inclusión das horas de estudo e de traballo que o alumno debe realizar para alcanzar os obxectivos formativos propios de cada unha das materias do correspondente plan de estudos. O número de horas por crédito será de 25.

b) Ensino de suboficiais e de tropa e mariñeiría: a hora, nos mesmos termos que se emprega para os módulos profesionais e que recolle o Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo.

2. O tempo dedicado a instrución e adestramento valorarase en días e semanas.

Sección 2.^a *Oficiais*

Artigo 22. *Corpos xerais e de Infantaría de Mariña.*

1. O ensino de formación para incorporarse ás escalas de oficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña estruturarase, en función dos requisitos de titulación que se exixan para o ingreso, da seguinte forma:

a) Ingresando sen título previo de graduado: requirirá a superación de dous plans de estudos o correspondente á formación militar xeral, específica e para a adquisición da especialidade fundamental e un segundo para a obtención dun título universitario de grao do sistema educativo xeral. O total do ensino ordenarase en cinco cursos académicos.

b) Ingresando con título previo de graduado: requirirá a superación do plan de estudos correspondente á formación militar xeral, específica e para a adquisición da especialidade fundamental, que, en función da procedencia e tendo en conta as titulacións e validacións que sexan de aplicación, se distribuirá nun máximo de dous cursos académicos.

2. Os títulos oficiais de graduado impartiranse nos centros universitarios da defensa creados polo Real decreto 1723/2008, do 24 de outubro, e determinaranse en función das necesidades da defensa nacional e das exixencias do exercicio profesional nas Forzas Armadas.

3. Os títulos oficiais de graduado que se acorden no marco do convenio de adscrición con universidades públicas, así como os títulos universitarios que se poidan exixir para ingresar con titulación previa, ademais de garantir as competencias básicas a que se fai referencia no número 3.2 do anexo I do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, proporcionarán parte das competencias xerais e específicas requiridas para incorporarse ás escalas de oficiais correspondentes.

4. Os plans de estudos dos títulos oficiais de graduado deseñaranse e verifícaranse conforme o que dispón o Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro. De acordo co indicado no artigo 12.2 da devandita norma, terán 240 ECTS.

5. Aquelas materias e disciplinas que, estando comprendidas no plan de estudos do título oficial de graduado correspondente para acceder ás escalas de oficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña, permitan adquirir as competencias específicas a que fai referencia o número 3, denomínanse, para efectos deste regulamento, duais.

6. Os títulos oficiais de graduado que se acorden no marco do convenio de adscrición correspondente elixiranse entre aqueles de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, inscritos na sección de títulos do Rexistro de Universidades, Centros e Títulos,

regulado polo Real decreto 1509/2008, do 12 de setembro, e adscritos ás ramas de coñecemento de ciencias e enxeñaría e arquitectura, así como á de ciencias sociais e xurídicas, sempre que os títulos estean vinculados coa economía e coa dirección e administración de empresas, e que conteñan, polo menos, 100 ECTS de materias ou disciplinas duais.

7. O número máximo de créditos consecuencia da integración, baseándose nas materias ou disciplinas duais, dos dous plans de estudos requiridos para incorporarse ás escalas de oficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña, ingresando sen título oficial de graduado previo, será de 380. Cando se exixan requisitos de titulación previa para o ingreso, o plan de estudos de formación militar xeral, específica e para a adquisición da especialidade fundamental non poderá superar os 140 ECTS.

Artigo 23. *Corpos de intendencia e enxeñeiros.*

O ensino de formación para incorporarse ás diferentes escalas de oficiais dos corpos de intendencia e de enxeñeiros do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire requirirá a superación dun plan de estudos de formación militar xeral, específica e técnica que complete a formación acreditada cos títulos exixidos para o ingreso. Terá unha duración dun curso académico.

Artigo 24. *Corpos comúns das Forzas Armadas.*

O ensino de formación para incorporarse ás diferentes escalas de oficiais dos corpos comúns das Forzas Armadas requirirá a superación dun plan de estudos de formación militar xeral, específica e técnica que complete a formación acreditada cos títulos exixidos para o ingreso. Terá unha duración dun curso académico.

Sección 3.^a *Suboficiais*

Artigo 25. *Escalas de suboficiais.*

1. O ensino de formación para incorporarse ás escalas de suboficiais estruturarase, en función dos requisitos de titulación que se exixan para o ingreso, da seguinte forma:

a) *Corpos xerais e de Infantaría de Mariña:*

1.º Ingresando sen titulación previa de técnico superior: requirirá a superación de dous plans de estudos: o correspondente á formación militar xeral, específica e para a adquisición da especialidade fundamental e un segundo para a obtención dun título de técnico superior de formación profesional do sistema educativo xeral. O total do ensino ordenarase nun máximo de tres cursos académicos.

2.º Ingresando con titulación previa de técnico superior: requirirá a superación do plan de estudos correspondente á formación militar xeral, específica e de especialidade fundamental, que terá unha duración máxima dun curso académico.

b) *Corpo de músicas militares:* requirirá a superación do plan de estudos correspondente á formación militar xeral, específica e de especialidade fundamental, que terá unha duración dun curso académico.

2. Os títulos de técnico superior de formación profesional que se obteñan tras cursar as ensinanzas nos centros docentes militares de formación autorizados polo Ministerio de Educación, proporcionarán parte das competencias xerais e específicas requiridas para incorporarse ás escalas de suboficiais correspondentes. Os títulos determinaranse na norma pola que se conceda tal autorización, en que se especificará a que centro público dentro do ámbito do Ministerio de Educación quedarán adscritos os centros de formación de suboficiais para os citados efectos.

3. Cando a duración do título de técnico superior sexa inferior ás 2.200 horas, o número máximo de horas lectivas consecuencia da integración dos dous plans de estudos

requiridos para incorporarse ás escalas de suboficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña, ingresando sen titulación previa de técnico superior, será de 3.000. En caso contrario, o número máximo de horas lectivas será de 3.400. Cando se exixa titulación previa non poderá superar as 1.200 horas.

Sección 4.^a *Tropa e mariñeiría*

Artigo 26. *Escalas de tropa e mariñeiría.*

1. O ensino de formación dos militares de tropa e mariñeiría requirirá superar un plan de estudos de formación militar xeral, específica e de especialidade fundamental, que terá unha duración non inferior a 16 semanas nin superior a 38.

2. A formación militar xeral e parte da específica impartiranse nun período mínimo de 8 semanas, que deberá superar o aspirante para subscribir o compromiso inicial e obter a condición de militar de tropa e mariñeiría.

3. O ensino de formación dos militares de tropa e mariñeiría lograrase mediante a adquisición das competencias profesionais necesarias, adquiridas a través da formación modular. Con este ensino iniciarase a preparación encamiñada á obtención dun título de técnico de formación profesional de grao medio. Para conseguir esta última finalidade, parte desta formación modular incluírá algún módulo profesional do título de técnico de formación profesional correspondente. Tamén se poderá alcanzar o obxectivo marcado mediante a adquisición de competencias profesionais referidas a cualificacións profesionais do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais e o seu recoñecemento posterior.

4. Os plans de estudos de formación militar xeral, específica e de especialidade fundamental terán unha duración comprendida entre 560 e 1.300 horas.

Sección 5.^a *Militares de complemento*

Artigo 27. *Militares de complemento.*

1. Para adscribirse ás diferentes escalas de oficiais como militar de complemento, o ensino comprenderá a formación militar xeral e específica e a formación técnica que sexan necesarias.

2. Os plans de estudos para adscribirse como militar de complemento terán unha duración comprendida entre os 6 e os 9 meses. Cando sexa preciso impartir formación de voo poderase ampliar ata 15 meses.

Sección 6.^a *Aspectos comúns*

Artigo 28. *Distribución da carga de traballo.*

No ensino de formación de oficiais e de suboficiais, a carga de traballo que representa a execución dos plans de estudos correspondentes distribuirase conforme os criterios seguintes:

a) A duración máxima dos cursos académicos será de 41 semanas, incluíndo os períodos lectivos, os destinados á avaliación, así como os dedicados a instrución e adestramento. A duración do primeiro curso poderase ampliar ata as 43 semanas, sempre e cando as adicionais se dediquen a instrución e adestramento.

b) O número de semanas destinadas a instrución e adestramento que deberán conter os plans de estudos de formación militar xeral, específica, técnica ou de especialidade fundamental, que permitan incorporarse ou adscribirse ás distintas escalas, será:

1.º Escalas de oficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña, cando para o ingreso non se precise requisito previo de titulación: un máximo de 30 semanas no global dos plans de estudos. Este número poderase elevar no suposto de considerarse a ampliación a que fai referencia a letra a).

2.º Escalas de oficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña, cando para o ingreso se precise requisito previo de titulación: non será inferior a 6 semanas por curso académico.

3.º Diferentes escalas de oficiais dos corpos de intendencia e de enxeñeiros do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, dos corpos comúns das Forzas Armadas e de militares de complemento: non será inferior a 8 semanas.

4.º Escalas de suboficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña: non será inferior a 6 semanas por curso académico. Naqueles cursos en que se imparta o módulo de formación en centros de traballo correspondente ao título de formación profesional, non será de aplicación o límite inferior establecido.

5.º Escala de suboficiais do corpo de músicas militares: non será inferior a 8 semanas.

c) Nas ensinanzas de oficiais, o número total de ECTS por curso académico non superará os 76, nin os 2,2 semanais.

d) A duración do ensino de suboficiais non superará as 1.200 horas por curso académico nin as 35 lectivas á semana.

Artigo 29. *Normas de progreso e de permanencia.*

1. Por orde do ministro de Defensa determinaranse as normas de progreso e de permanencia nos centros docentes militares de formación que, de ser o caso, incluírán as establecidas pola universidade correspondente en función da adscrición do centro, nas cales se disporán os prazos para superar os plans de estudos da formación militar xeral, específica, técnica e de especialidade fundamental, así como para obter as titulacións para o acceso ás diferentes escalas. Estes prazos poderanse establecer para a superación de cada curso académico e de todo o proceso de formación.

2. Nas normas estableceranse os criterios obxectivos para axustar, cando así sexa preciso, o número de alumnos ao de prazos de acceso á escala que se determine na provisión anual.

Artigo 30. *Consecuencias da superación dos plans de estudos.*

1. A superación dos plans de estudos do ensino de formación para incorporarse ou adscribirse ás diferentes escalas de oficiais e de suboficiais e a adxudicación dunha das prazas da provisión anual orixinará os seguintes efectos:

a) A adquisición da condición de militar de carreira ou de militar de complemento, se non a tivese previamente.

b) A atribución do primeiro emprego da escala correspondente, excepto cando sexa a unha escala do mesmo nivel e de diferente corpo, caso en que se fará conservando o emprego e tempo de servizos na escala de orixe.

c) A adquisición dunha especialidade fundamental.

2. Ademais do indicado no número anterior deste artigo, aqueles que ingresando sen titulación previa superen os plans de estudos conducentes á obtención de títulos oficiais de graduado que se impartan no centro universitario da defensa ou nos centros docentes militares de formación de suboficiais, obterán o título oficial de graduado ou o de técnico superior, respectivamente, de acordo coas ensinanzas recibidas.

Os títulos oficiais de graduado serán expedidos conforme o que se determina no artigo 3.2 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, e os de técnico superior, no artigo 16.5 do Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo. Producirán os efectos que para cada un se dispón no artigo 4 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, e no artigo 16 do Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, respectivamente.

3. No corpo de músicas militares a obtención do primeiro emprego militar ao incorporarse á escala de suboficiais será equivalente ao título do sistema educativo xeral de técnico superior.

4. A condición de militar de tropa e mariñeiría adquirese ao incorporarse á escala, unha vez superada a parte do período de formación determinado na convocatoria de probas selectivas, cuxa duración mínima se indica no artigo 26.2, e asinado o compromiso inicial regulado na Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría. A especialidade fundamental adquirese unha vez superada a totalidade da formación militar xeral, específica e de especialidade fundamental.

Artigo 31. *Sistemas de integración nunha única clasificación final.*

Para integrar nunha única clasificación final os que de diversas procedencias se incorporen ou adscriban a unha escala no primeiro emprego, aplicaranse os seguintes criterios:

a) Cando todos os que se integran, independentemente da súa procedencia, cursasen os mesmos plans de estudos, a integración nunha única clasificación final efectuarase conforme a ordenación final obtida ao superar o ensino de formación tras aplicar os criterios que determine o ministro de Defensa.

b) Cando os que teñan que integrarse non cursasen os mesmos plans de estudos, empregárase un sistema de tipificación das cualificacións con criterios obxectivos e resolverase, en caso de igualdade, a favor do de maior idade.

ANEXO I

Países cuxos nacionais poden acceder ás Forzas Armadas españolas

- a) Arxentina.
- b) Bolivia.
- c) Costa Rica.
- d) Colombia.
- e) Chile.
- f) Ecuador.
- g) O Salvador.
- h) Guinea Ecuatorial.
- i) Guatemala.
- j) Honduras.
- k) México.
- l) Nicaragua.
- m) Panamá.
- n) Paraguai.
- o) Perú.
- p) República Dominicana.
- q) Uruguai.
- r) Venezuela.

ANEXO II

Títulos do sistema educativo xeral cos cales se pode ingresar nos centros docentes militares de formación para cursar as ensinanzas para integrarse ou adscribirse aos corpos e escalas das Forzas Armadas

1. Escalas de oficiais. Títulos de licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, enxeñeiro técnico e arquitecto técnico.

Os títulos de licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, enxeñeiro técnico e arquitecto técnico, obtidos conforme ordenacións anteriores á disposta no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, son os que, para cada corpo, se indican a continuación:

A. Corpos específicos dos exércitos.

1.º Corpos xerais e de Infantaría de Mariña: o título de arquitecto, calquera título de enxeñeiro, e os de licenciado en náutica e transporte marítimo, máquinas navais, radioelectrónica naval, así como os seguintes:

Ciencias experimentais:

- Licenciado en ciencias matemáticas.
- Licenciado en ciencias ambientais.
- Licenciado en ciencias do mar.
- Licenciado en ciencias físicas.
- Licenciado en ciencias químicas.
- Licenciado en física.
- Licenciado en química.

Ciencias sociais e xurídicas:

- Licenciado en administración e dirección de empresas.
- Licenciado en economía.
- Licenciado en ciencias actuariais e financeiras.

2.º Corpos de intendencia: titulacións de licenciado en administración e dirección de empresas, dereito, economía ou ciencias actuariais e financeiras.

3.º Corpos de enxeñeiros: titulacións de arquitecto, enxeñeiro, arquitecto técnico ou enxeñeiro técnico, que a continuación se detallan, desagregadas por exércitos e escalas:

Título	Exército/escala					
	Exército de Terra		Armada		Exército do Aire	
	E.O.	E.T.	E.O.	E.T.	E.O.	E.T.
Arquitecto	X		X			
Enxeñeiro agrónomo	X					
Enxeñeiro aeronáutico	X		X		X	
Enxeñeiro en automática e electrónica industrial	X		X		X	
Enxeñeiro de camiños, canais e portos	X		X		X	
Enxeñeiro en electrónica	X		X		X	
Enxeñeiro en xeodesia e cartografía					X	
Enxeñeiro industrial	X		X		X	
Enxeñeiro en informática	X		X		X	
Enxeñeiro de materiais	X		X		X	
Enxeñeiro de minas	X		X			
Enxeñeiro xeólogo	X					
Enxeñeiro de montes	X					
Enxeñeiro naval e oceánico	X		X			
Enxeñeiro químico	X		X		X	
Enxeñeiro de organización industrial	X		X			
Enxeñeiro de sistemas de defensa	X		X		X	
Enxeñeiro de telecomunicación	X		X		X	
Enxeñeiro de armamento e material	X					
Enxeñeiro de construción e electricidade	X					
Enxeñeiro de armas navais			X			
Arquitecto técnico		X				X
Enxeñeiro técnico aeronáutico/aeromotores		X		X		X
Enxeñeiro técnico aeronáutico/aeronavegación		X		X		X
Enxeñeiro técnico aeronáutico/aeronaves		X		X		X
Enxeñeiro técnico aeronáutico/aeroportos				X		X
Enxeñeiro técnico aeronáutico/equipamentos e materiais aeroespaciais		X		X		X
Enxeñeiro técnico en deseño industrial				X		
Enxeñeiro técnico industrial/electricidade		X		X		X
Enxeñeiro técnico industrial/electrónica industrial		X		X		X
Enxeñeiro técnico industrial/mecánica		X		X		
Enxeñeiro técnico industrial/química industrial		X		X		X
Enxeñeiro técnico en informática de xestión		X		X		
Enxeñeiro técnico en informática de sistemas		X		X		
Enxeñeiro técnico de minas/instalacións electromecánicas mineiras		X		X		
Enxeñeiro técnico de minas/mineralurxia e metalurxia		X		X		
Enxeñeiro técnico de minas/recursos enerxéticos, combustibles e explosivos		X		X		X
Enxeñeiro técnico naval/estruturas mariñas		X		X		
Enxeñeiro técnico naval/propulsión e servizos do buque				X		
Enxeñeiro técnico de obras públicas/construcións civís		X		X		X
Enxeñeiro técnico de obras públicas/hidroloxía		X		X		
Enxeñeiro técnico de obras públicas/transportes e servizos urbanos		X		X		
Enxeñeiro técnico de telecomunicación/sistemas electrónicos		X		X		X
Enxeñeiro técnico de telecomunicación/sistemas de telecomunicación		X		X		X
Enxeñeiro técnico de telecomunicación/telemática		X		X		X

E.O.: escala de oficiais. E.T.: escala técnica.

B. Corpos comúns das Forzas Armadas.

- 1.º Corpo xurídico militar: licenciado en dereito.
- 2.º Corpo militar de intervención: licenciado en administración e dirección de empresas, dereito, economía ou ciencias actuariais e financeiras.

3.º Corpo militar de sanidade:

- Especialidade fundamental medicina: licenciado en medicina.
- Especialidade fundamental farmacia: licenciado en farmacia.
- Especialidade fundamental veterinaria: licenciado en veterinaria.
- Especialidade fundamental odontoloxía: licenciado en odontoloxía.
- Especialidade fundamental psicoloxía: licenciado en psicoloxía.
- Especialidade fundamental enfermaría: diplomado en enfermaría.

4.º Corpo de músicas militares: especialidade fundamental de dirección: os títulos de ensinanzas artísticas superiores nas especialidades de dirección de orquestra ou de composición.

Especialidade fundamental de instrumentista: os títulos de ensinanzas artísticas superiores nas especialidades de clarinete, contrabaixo, fagot, frauta travesa, óboe, percusión, saxofón, trompa, trompeta, trombón, tuba e violonchelo.

2. Escalas de oficiais. Títulos universitarios oficiais.

Autorízase o ministro de Defensa para determinar, conforme se vaian inscribindo no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos, regulado polo Real decreto 1509/2008, do 12 de setembro, que titulacións universitarias oficiais se exixirán para ingresar nos centros docentes militares de formación para acceder ás diferentes escalas de oficiais.

Para ingresar nos centros docentes militares de formación de oficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña, os títulos oficiais de graduado deberán estar adscritos ás ramas de coñecemento de enxeñaría e arquitectura, ciencias, e ciencias sociais e xurídicas vinculados coa economía e coa dirección e administración de empresas. Ademais, os créditos en materias duais que acheguen estes títulos xunto con aqueles que se determinen por exixirse nas probas que conforman os procesos de selección para acceder ao ensino de oficiais, deben permitir configurar un plan de estudos de formación militar xeral, específica e de especialidade fundamental igual ou inferior a 140 ECTS.

Os títulos universitarios oficiais para ingresar nos centros docentes militares de formación para acceder ás diferentes escalas de oficiais dos corpos de enxeñeiros do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire determinaraos o ministro de Defensa unha vez que se regule o seu réxime, escalas, empregos e funcións, de acordo co indicado na disposición derradeira sexta da Lei da carreira militar.

3. Escalas de suboficiais.

A. Corpos xerais e de Infantaría de Mariña: exixirase, dependendo da especialidade fundamental, estar en posesión dalgún dos títulos de técnico superior das seguintes familias profesionais:

Marítimo-pesqueira.	Industrias alimentarias.
Química.	Sanidade.
Seguranza e ambiente.	Fabricación mecánica.
Electricidade e electrónica.	Instalación e mantemento. Mantemento e servizos á produción.
Transporte e mantemento de vehículos. Mantemento de vehículos autopropulsados.	Edificación e obra civil.
Téxtil, confección e pel.	Artes gráficas.

Imaxe e son. Comunicación, imaxe e son.	Informática e comunicacións. Informática
Administración e xestión. Administración.	Comercio e mercadotecnia.
Hostalaría e turismo.	Actividades físicas e deportivas.

O ministro de Defensa determinará os títulos de técnico superior que, dentro das familias relacionadas, sexan de interese para as Forzas Armadas.

B. Corpo de músicas militares: exixirase estar en posesión do título de bacharel en calquera das súas modalidades ou ter superado a proba de acceso aos ciclos formativos da formación profesional de grao superior a que fai referencia o artigo 41.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, da educación e, en ambos os casos, o título profesional de música.

As especialidades instrumentais requiridas serán as que de forma expresa figuren na correspondente convocatoria.